

BASES

Obxectivo

O Concurso de Adhesivos Apégate ao Galego, promovido polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL) do Concello do Grove, en colaboración coa Concellería de Educación deste ente local, ten por obxectivo fomentar o uso do galego entre a mocidade, nomeadamente, entre a xente máis nova, difundindo, asemade, mensaxes positivas en favor da lingua propia.

Tema

O tema será a lingua galega. O adhesivo levará un texto ou lema que fomente o uso da lingua galega que poderá ir acompañado dun debuxo.

Participantes

Poderán presentar os seus traballos as alumnas e os alumnos de primaria e de ESO dos centros públicos de ensino do municipio do Grove. Haberá, xa que logo, dúas modalidades:

- Primaria
- ESO

Condições e formas de presentación das obras

Cada participante poderá presentar dous deseños. Estes deberán ser orixinais e inéditos, e non puideron estar reproducidos ou ser difundidos previamente en ningún tipo de soporte ou medio (publicacións escritas, páxinas web, redes sociais etc.).

Se os deseños se presentan en soporte papel, este deberá ser dun tamaño DIN A4 (210×297 mm). No caso de que estean feitos con ordenador, deberá facilitarse un orixinal en soporte informático (CD) en calquera dos seguintes formatos: jpg, png ou pdf, coa máxima resolución posible.

Os deseños gañadores imprimíranse en color, en papel adhesivo dun tamaño DIN A8 (52×74 mm).

Os traballos presentaranse en sobre pechado. No exterior do sobre indicárase “Concurso de Adhesivos Apégate ao Galego” e a categoría na que participa (primaria ou ESO), así como un pseudónimo. Dentro do sobre haberá outro que conterá os seguintes datos: nome e apelidos; idade; enderezo e número de teléfono da autora ou autor; curso e centro educativo onde está matriculada ou matriculado.

Os traballos poderán presentarse nos propios centros educativos, na biblioteca municipal do Grove (de luns a venres, de 9.00 a 14.00 e de 16.30 a 20.30 horas) ou na axencia de lectura de San Vicente (de luns a venres, de 16.00 a 20.30 h).

Prazo

O prazo de presentación dos traballos iníciase o 18 de setembro e remata ás 14.00 h do venres 9 de outubro de 2015.

Premios

Establécese un premio para cada unha das categorías (primaria e ESO, respectivamente), que consistirá nun bono-agasallo valorado en 50 € para cambiar por libros ou material audiovisual en galego en calquera das librerías da Asociación de Libreiros do Grove.

Ademais, o Concello do Grove fará unha tiraxe de 1000 adhesivos dos deseños gañadores para seren repartidos entre a comunidade educativa local e a poboación en xeral.

Xurado

Constituírase un xurado composto por diversos membros relacionados coa lingua galega, co deseño gráfico e/ou coas belas artes. A decisión do xurado, que será inapelable, farase pública o día 13 de outubro de 2015. O xurado resérvase a posibilidade de declarar calquera dos premios deserto.

Criterios de valoración

- Orixinalidade
- Adecuación ao tema
- Capacidade e claridade de transmitir a mensaxe
- Uso correcto da gramática e da ortografía galegas

Dereitos de reprodución

Os traballos premiados quedarán en propiedade do Concello do Grove, que se reserva o dereito de reprodución, sen que por iso supoña ou sexan esixibles dereitos de autor.

Con todas os deseños presentados no concurso realizarase unha exposición na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey.

A participación este concurso presupón a aceptación destas bases.

O Grove, setembro de 2015



concurso de adhesivos APÉGATE AO GALEGO

PARA ALUMNADO de
PRIMARIA e ESO



PRESENTA OS TEUS DESEÑOS
DO 18 DE SETEMBRO AO 9 DE OUTUBRO DE 2015
NO TEU CENTRO OU NAS CASAS DA CULTURA MUNICIPAIS

